Exercicios e actividades da sección 2ª

1. Le o texto de B. Russell que ven a continuación e sinala as características da sociabilidade humana quere resaltar o autor ao afirmar que o ser humano "é un animal semigregario", tendo en conta o estudado neste tema.

> "O home non é nin completamente gregario, coma as formigas e as abellas, nin totalmente solitario coma os leóns e os tigres. É un animal semigregario. Algúns dos seus impulsos e desexos son sociais, outros son solitarios. A parte social da súa natureza manifestase no feito de que un confinamento en solitario é unha forma de castigo moi severa; a outra parte manifestase no seu amor pola privacidade e na reticencia a falar con estraños. (...) o home que vive nunha zona moi poboada, como por exemplo Londres, desenvolve un mecanismo defensivo de comportamento social que ten como finalidade protexelo dos molestos excesos dos contactos humanos. As xentes sentadas unha á carón das outras, no autobús ou no metro, normalmente non se dirixen a palabra, pero se sucede algunha situación alarmante, como un bombardeo aéreo ou incluso unha néboa mais espesa do normal, os estraños inmediatamente comezan a desenvolver un sentimento amigable e falan entre eles sen reserva. Este tipo de comportamento ilustra a oscilación entre as partes privadas e as sociais da natureza humana." B. RUSSELL *Sociedade humana: ética e política.*

2. Despois de ler con atención o texto seguinte, responde ás cuestións que se formulan a continuación, aplicando as ideas estudadas anteriormente.

> "A autoconciencia dos individuos como seres sociais (...) depende dun dobre acto de identificación e de diferenciación. O home non pode atoparse a si mesmo nin darse conta da súa individualidade se non é por medio da vida social. Pero, para el, este medio significa algo máis que unha forza exterior determinante. O mesmo que os animais, sométese ás leis da sociedade pero, ademais ten unha participación activa en producilas e un poder activo en cambiar as formas de vida social. Nas etapas rudimentarias da sociedade humana apenas é perceptible esta actividade; pero, a medida que avanzamos, este aspecto faise cada vez mais explícito e significativo e é posible seguir o seu desenvolvemento en case todas as formas da cultura" E. CASSIRER *Antropoloxía filosófica.*

a) Que quere dicir o autor cando afirma que "o home non pode darse conta da súa individualidade se non é por medio da vida social"?
b) Por que fala o autor dun dobre xogo de "identificación e diferenciación"?

3. Le o seguinte texto con atención e despois explica por que afirma o autor que "a cultura é parte da condición do ser humano" e que "o individuo ten que aprender a ser humano". Ten en conta as nocións estudadas anteriormente.

> "Se a cultura é parte da condición do ser humano, o individuo ten que aprender a ser humano. Pero o ser humano non aprende a cultura en abstracto: aprende culturas particulares. O proceso en virtude do cal un neno nado recente, cun sistema nervioso completamente desenvolvido, visión e oídos limitados, movementos escasamente coordenados e na súa maioría casuais, as reaccións limitadas a uns poucos estímulos ambientais, se desenvolve ata converterse nun

chinés, ou nun navallo, ou nun americano de clase media, ou nun membro dun gueto, é un proceso fascinantemente complexo. Os antropólogos adoitan denominar a este proceso *enculturación*, proceso que se centra na adquisición de habilidades, hábitos e comportamentos, normas e valores, e regras sociais. Os sociólogos tenden a usar o termo *socialización* e centran o seu interese no problema de aprender comportamentos sociais axeitados a unha sociedade determinada" R.L. BEALS-H.HOIJER, *Introdución á antropoloxía.*

4. Le o seguinte fragmento da *Antopoloxía filosófica* de Cassirer e despois contesta as preguntas que veñen a continuación.

"A sociabilidade, como tal, non é unha característica exclusiva do home nin un privilexio só del. No caso das chamadas "sociedades animais", como a das abellas e das formigas, atopamos unha clara división do traballo e unha organización social sorprendentemente complexa. Pero no caso do home, non atopamos só, como entre os animais, unha sociedade de acción, senón tamén unha sociedade de pensamento e sentimento (...) O home non vive xa nun puro universo físico (como o animal), senón nun universo simbólico (...) O home non pode enfrontarse xa coa realidade dun modo inmediato; non pode vela, como se dixéramos, cara a cara. A realidade física parece recuar na mesma proporción que avanza a súa actividade simbólica. En lugar de tratar coas cousas mesmas, en certo modo, conversa decote consigo mesmo (...) de tal xeito que non pode ver e coñecer nada se non é a través da interposición deste medio artificial" E. CASSIRER *Antropoloxía filosófica.*

a) Cal é a característica mais específica da sociabilidade humana, segundo o texto?
b) Por que afirma o autor que "o home non pode enfrontarse xa coa realidade dun modo inmediato...cara a cara"?

Solucións:

1. O autor resalta que a sociabilidade humana non se basea na anulación da individualidade, como sucede no caso dos insectos, por exemplo, no que cada individuo se converte nunha simple peza da *máquina social*, senón mais ben nun certo equilibrio –e ás veces tensión- entre os trazos de privacidade individual e sociabilidade grupal.

2. a) O autor quere dicir que que o desenvolvemento ontoxenético do ser humano só é posible no seo do grupo, no que o individuo se atopa a si mesmo (axudado polos xuízos que os demais fan del) e no que acada un necesario equilibrio emocional.
b) Porque os procesos de socialización que se levan a cabo en condicións normais non anulan a liberdade e creatividade individual, senón que mais ben a fan posible. Os cambios e avances culturais son produtos desa creatividade do individuo.

3. Porque o ser humano é tan plástico e moldeable que ten que definirse e completarse na vida social, mesmo para poder subsistir. É outra forma de dicir que o home é "naturalmente cultural". Sen o desenvolvemento desta dimensión cultural a nosa natureza estaría incompleta; non seríamos propiamente humanos.

4. a) Que os humanos compartimos *universos simbólicos*, a través da linguaxe e da categorización do mundo que este facilita. Cando usamos a linguaxe aceptamos e compartimos os significados fixados pola comunidade para cada palabra.
   b) Porque a linguaxe simbólica e a conceptualización crea un universo virtual que nos permite manipular, anticipar, recordar, imaxinar, comunicar, etc. a realidade sen que esta estea presente. Nesto radica a nosa enorme vantaxe sobre o resto dos animais.